




TRES BISPOS


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 15 km (ida e volta)

Dificultade: media

Duración: 5 horas



Unha das rutas máis coñecidas dos Ancares galegos. No camiño podemos gozar de amplas panorámicas da serra dos Ancares e os vales dunha e outra banda (Galicia e León), as pegadas do glaciario, a vexetación da montaña con algunhas especies exclusivas (xensás, xenebreiros, lirios, cardos...), carballeiras e, se hai sorte, algúns animais.

COMO CHEGAR:

Desde Cervantes vaise ata Degrada e de alí ao Albergue dos Ancares, onde hai que deixar o vehículo. A ruta discorre por un camiño de bo andar en suave pendente, só con fortes desniveis no tramo final de ascensión ao cume, a partir da campa de Tres Bispos (1,5 km).

A volta pódese facer polo mesmo camiño ou baixar pola fraga de Cabana Vella, con fortes descensos e unha subida no tramo final.



Lilium martagon, atópase nas zonas montañosas



Cume de Tres Bispos



Salix capre, un salgueiro que en Galicia só medra nas serras orientais.



Vista da fraga da Cabana vella cos picos da serra de Ancares ao fondo (entre Tres Bispos e Pena Rubia).



Val do Ortigal no que se aprecian as pegadas glaciares.



Xensá (*Gentiana lutea*)



Cumes de Tres Bispos e Os Penedois



Lirio de montaña (*Iris latifolia*)



Cumes dos Ancares cara o norte desde Tres Bispos: Lagoas, Corno Maldito...